



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA (4ª) DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS. EXP. 2024/E001/000005

Sendo as 10:00 horas do día 10 de abril de 2025, no Concello de Ponteceso concorren os seguintes membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de traballadores/as sociais:

Presidente: D. Miguel Piñeiro Souto, secretario do Concello da Laracha (asistencia telemática)
Secretaria: Dª. Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso (asistencia presencial)
Vogais:
Primeiro: Dª. Romina Galán Iglesias, traballadora social do Concello de Cambre (asistencia telemática)
Segundo: Dª. Inés María Vázquez Cebeira, traballadora social do Concello de Guitirriz (asistencia telemática)
Terceiro: Ernesto Fernando Calvo Pérez, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso (asistencia presencial)

O tribunal na sesión do día 3 de abril de 2025, á vista do empate producido entre as candidatas Dª Beatriz Antiqueira Pérez e Dª Cristina Santos Díaz nas cualificacións finais obtidas, e logo de ver o establecido na **base 11** que expón “*En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no cuestionario tipo test; de persistir o empate, quen obteña maior puntuación no apartado A) da Fase de concurso. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederase a un sorteo entre os/as implicados/as*”, e considerando que persiste o empate entre ambas nos dous primeiros criterios, ao ter a mesma puntuación no test e no concurso, o tribunal acorda:

*“Primeiro: celebrar un sorteo público o día 10 de abril ás 10.00 horas no salón de plenos do Concello de Ponteceso para dirimir o empate
.....”*

Ás 10:05 horas comeza o sorteo público no salón de Plenos do Concello. O tribunal determina que o sorteo consista en meter nunha bolsa, por separado, un papel co nome de cada persoa, quedando en primeiro lugar na bolsa a candidata cuxo nome figure no papel que se extraía primeiro.

Decídese que o sorteo se grave en video, procedéndose pola persoa que fai a gravación a quitar un dos papeis, o cal se corresponde co de Beatriz Antiqueira Pérez.

Polo exposto, o tribunal acorda, consonte ao resultado do sorteo, que as candidatas queden na seguinte orde na bolsa:

- 1º Beatriz Antiqueira Pérez
- 2ª Cristina Santos Díaz

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 10:10 horas do día 10 de abril de 2025, redactándose a presente acta, que asinan dixitalmente os membros do tribunal.